

RESOLUCIÓN REITORAL DO 3 DE SETEMBRO DE 2013 SOBRE SIMULTANEIDADE DE ESTUDOS ENTRE TITULACIÓNS ADAPTADAS AO EEES

O Consello de Goberno da USC acordou, na súa sesión de maio de 2013, regular a simultaneidade de estudos entre titulacións do EEES.

Para aplicar este acordo cómpre regular o procedemento para a concesión da simultaneidade, contemplando os casos daqueles alumnos que están rematando os seus estudos ou que xa tiñan iniciados máis dunha titulación en cursos anteriores e pretendan simultanealos, así como a simultaneidade con estudos doutras universidades.

Na *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes* establécese que a avaliación debe servir para asegurar as seguintes funcións: mellorar a docencia, cumprir os obxectivos educativos previstos e garantir que os alumnos teñan as competencias, coñecementos e habilidades previstas no plan de estudos. A concesión da simultaneidade de estudos tamén debe garantir que se cumpran estes obxectivos.

Polo anterior, esta Reitoría RESOLVE:

Artigo 1.- Ámbito de aplicación

Esta Resolución será de aplicación para os estudos universitarios conducentes a unha titulación oficial e con validez en todo o territorio nacional.

Non será aplicable para a simultaneidade de outro tipo de estudos universitarios (titulacións propias, formación continua, cursos de especialización, cursos de idiomas e outras actividades formativas), nin para a simultaneidade con estudos de nivel non universitario.

Artigo 2. Impedimentos para simultanear estudos

Sen prexuízo do establecido nos artigo 6 e 7 desta Resolución:

2.1 Non se poderán simultanear máis de dúas titulacións, sexan estudos da USC ou doutras universidades.

2.2 Non procederá a simultaneidade con estudos doutra universidade da mesma titulación ou entre titulacións que teñan as mesmas competencias académicas e profesionais. No caso de que se cursaran os mesmos estudos simultaneamente en dúas universidades, non se recoñecerán na USC e procederase, de ser o caso, a deixar sen efecto os estudos cursados nesta universidade.

2.3 Non se poderán iniciar simultaneamente dous estudos de Grao ou de Máster.

2.4 Non se poderá solicitar a matrícula a tempo parcial para simultanear estudos. A matrícula a tempo parcial está prevista para os casos en que non poidan cursar estudos a tempo completo por motivos laborais ou profesionais ou por outras causas persoais acreditadas.

Artigo 3.- Requisitos para simultanear estudos

3.1 Para simultanear estudos de Grao deberá terse superado o primeiro curso completo dunha das titulacións. Non se esixirá este requisito para a simultaneidade con estudos de Máster ou doutoramento.

3.2 No caso de que se pretenda iniciar estudos nunha segunda titulación de Grao ou Máster, só se admitirá se, tras rematado o proceso de admisión, quedaran prazas vacantes.

Polo tanto, o estudante non poderá solicitar praza na segunda titulación ata rematado o proceso de admisión. Se solicita praza no proceso de admisión na segunda titulación e resulta admitido deberá optar entre matricularse nesta titulación ou continuar os estudos xa iniciados.

Rematado o proceso de admisión, abrirase un prazo de 5 días naturais para que os alumnos que reúnan os requisitos se matriculen na segunda titulación na que quedaran prazas vacantes, cos límites de matrícula que se establecen nesta Resolución.

3.3 Malia o anterior, os alumnos que só teñan pendente de superar un máximo de 15 créditos e o Traballo Fin de Grao ou Fin da Máster para concluír os seus estudos, poderán simultanear estes estudos con outros nos que resulten admitidos para iniciar estudos.

3.4 Ao alumnado que xa iniciara estudos en cursos anteriores non lle será de aplicación o disposto no apartado 3.2 para os alumnos que xa iniciaran ambos estudos en cursos anteriores. Neste caso, poderán simultanear ambos estudos, sempre que reúnan o requisito de ter superado o primeiro curso nunha das titulacións de Grao e a matrícula no máximo de créditos que se establece nesta Resolución. Tamén será de aplicación para os alumnos que cursaron estudos dun plan extinguido ou en proceso de extinción, que non concluíron, e teñan que cambiar a estudos de Grao. Neste caso, poderán simultanear con outras titulacións xa iniciadas e non rematadas en cursos anteriores.

3.5 A matrícula total dos estudos que se poderán simultanear non superará conxuntamente os 75 créditos por curso académico, sen contar os créditos correspondentes ao Traballo Fin de Grao ou de Máster, no seu caso.

3.6 Para simultanear estudos de doutoramento con estudos de Grao ou Máster aplicarase o disposto no regulamento de estudos de doutoramento. Polo tanto, só procederá a simultaneidade cando o alumno xa tivera iniciado os estudos de Grao ou Máster en cursos anteriores, de acordo co regulado no apartado 3.4. Neste caso, o número máximo de créditos en que se poderá

matricular destes segundos estudos será de 15, sen contar os créditos correspondentes ao Traballo Fin de de Máster, no seu caso.

Artigo 4.- Simultaneidade de estudos con outras universidades

Non se autorizará a simultaneidade entre estudos da USC e doutra universidade na que o ensino sexa presencial, agás o previsto no artigo 3.3 para os alumnos que están rematando os seus estudos.

Para simultanear estudos con estudos non presenciais ou virtuais esixiranse os mesmos requisitos e aplicaranse as mesmas limitacións de matrícula que se regulan para os estudos que se simultanean na USC.

No caso de que se conceda a simultaneidade de estudos por outra universidade sen reunir as condicións que se establecen nesta Resolución, o estudante debe optar entre ambos estudos. En caso de que non faga a opción, procederase a anular a matrícula nos estudos que cursa na USC.

Artigo 5.- Dereitos e obrigas

Os alumnos aos que se lle conceda a simultaneidade de estudos:

- Terán as mesmas obrigas de asistencia á clase, de realización das prácticas e outras actividades académicas que se dispoñan na guía docente de cada materia.
- Non suporá ningún dereito para o cambio de datas de exames por este motivo.
- Nos cambios de grupo de docencia aplicarase o regulado por cada centro, que a poderán ter en conta a fin de permitir compatibilizar as obrigas do alumno.

Artigo 6.- Estudos de dobre titulación

Os estudos de dobre titulación rexeranse pola súa normativa reguladora. Non obstante, os/as alumnos/as de dobre titulación non poderá simultanear con outra distinta mentres estean matriculados en ambas titulacións, agás que se cumpran os requisitos que se establecen no apartado 3.3.

Artigo 7.- Adaptación curricular por necesidades educativas especiais ou por altas capacidades

Os requisitos establecidos nesta Resolución non serán de aplicación aos estudantes que se lle autorice a adaptación do itinerario curricular por recoñecemento de necesidades educativas especiais ou por altas capacidades.

Disposición transitoria primeira

A simultaneidade de estudos en proceso de extinción rexeráse polas normas de xestión académica e a convocatoria de matrícula. No caso de simultaneidade entre unha titulación en proceso de extinción e unha titulación adaptada ao EEES o número de créditos en que se poderá matricular conxuntamente entre ambas titulacións será de 90.

Disposición transitoria segunda

Os alumnos que xa tiñan concedida a simultaneidade en cursos anteriores, poderán continuar simultaneando os seus estudos, cos límites de matrícula que se establecen nesta Resolución e na convocatoria de matrícula.

Disposición final

Esta Resolución derroga aquelas que se opoñan á mesma e entrará en vigor na data de publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC.

Santiago de Compostela, 03/09/2013

O Reitor



Juan J. Casares Long

SRA. SECRETARIA XERAL - SRA. VICERREITORA DE TITULACIÓNS E PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR - SRA. VICEXERENTE DA ÁREA ACADÉMICA - SRES./AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES./AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRES./AS RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS - SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS E MELLORA DO PROCEDEMENTO - SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN